



Xerencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



INSTRUCCIÓN 6/2012 DA XERENCIA, SOBRE Á APLICACIÓN DO ARTIGO 9 DO REAL DECRETO-LEI 20/2012, DO 13 DE XULLO, EN MATERIA DE PRESTACIÓN ECONÓMICA NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.

O *Boletín Oficial do Estado* do 14 de xullo de 2012 publica o Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, regulando no seu artigo 9 "As prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas organismos e entidades dependentes e órganos constitucionais", podendo cada administración pública complementar as prestacións unicamente dentro dos límites que sinala este precepto, que estando incluído no Título I do citado real decreto-lei ten carácter básico segundo a súa Disposición final cuarta.

Co obxecto de homoxeneizar o réxime de aplicación destas prestacións económicas no marco do Sistema Universitario de Galicia, cómpre ampliar os supostos establecidos na Instrución 5/2012 inicialmente ditada, polo que consultados novamente os órganos de representación do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos, esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas pola Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2012 (DOG do 13 de febreiro), resolve modificar e substituír a sinalada Instrución 5/2012 nos seguintes termos:

A Universidade de A Coruña aplicará o artigo 9 do citado Real Decreto-Lei do seguinte xeito:

1.- Persoal Incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social:

Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns :

1º Durante os tres primeiros días de baixa recoñecerase un complemento retributivo do cincuenta por cento das retribucións ordinarias que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2º Dende o cuarto ao vixésimo día, ambos inclusive, o complemento retributivo será do setenta e cinco por cento das retribucións ordinarias que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

3º A partir do vixésimo primeiro día, inclusive, recoñecerase unha prestación equivalente ao cen por cento das retribucións ordinarias que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada desde o primeiro día, ata acadar o cen por cen das retribucións ordinarias que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2.- Persoal adscrito aos rexímenes especiais de Seguridade Social do mutualismo administrativo:

1º Durante os tres primeiros días de baixa recoñecerase un complemento retributivo do cincuenta por cento das retribucións básicas e complementarias, que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2º Dende o cuarto ao vixésimo día, ambos inclusive, percibirán o setenta e cinco por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación do fillo a cargo, no seu caso.

3º A partir do vixésimo primeiro día e ata o nonaxésimo, ambos inclusive, recoñeceráselle a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, no seu caso, e das retribucións complementarias.

4º Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, as retribucións dos apartados 1, 2 e 3 anteriores serán completadas dende o primeiro día ata acadar o cen por cen das retribucións que viñeran correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

5º A partir do día nonaxésimo primeiro, será de aplicación o subsidio establecido na normativa pola que se regula o Réxime Especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.

3.- Supostos de carácter excepcional:

A Universidade da Coruña, desde o primeiro día de incapacidade, segundo o disposto no artigo 9.5 do Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, establece un complemento, ata acadar o cen por cen das retribucións ordinarias que se viñan percibindo, nos seguintes supostos de incapacidade temporal por continxencias comúns:

a) Hospitalización, tendo tamén esta consideración a hospitalización a domicilio e a estancia en hospitais de día, incluíndo os períodos de observación nos servizos de urxencias hospitalarias superiores a cinco horas. Inclúiranse nestes supostos os períodos de convalecencia derivada da hospitalización ata a correspondente alta médica. Estes supostos acreditaranse co correspondente xustificante de hospitalización, sen que sexa preciso que conste a actuación médica concreta.

b) Intervención cirúrxica, tendo esta consideración as intervencións de cirurxía maior e menor ambulatoria, as intervencións médicas invasivas como colonoscopias, gastroscopias e outras de características similares, así como os tratamentos oncolóxicos. Inclúiranse nestes supostos os períodos de convalecencia derivada da intervención ata a correspondente alta médica.. Estes supostos acreditaranse co correspondente xustificante da intervención, sen que sexa preciso que conste a actuación médica concreta.

Se a hospitalización ou a intervención se produce unha vez iniciada a baixa, e ten a súa mesma causa, o xustificante aportarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio da hospitalización ou da intervención. Neste caso, regularizarase o complemento de forma que o empregado perciba o 100% das súas retribucións ordinarias desde o primeiro día da baixa.

c) Situacións de violencia de xénero, acoso laboral ou sexual, que se acreditarán coa correspondente resolución xudicial ou administrativa.

d) Risco durante o período de xestación e lactación natural, que se acreditará co correspondente parte médico.

e) Incapacidade temporal derivada do embarazo, debéndose presentar informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva do mesmo.

f) Incapacidade temporal derivada de enfermidades infecto-contaxiosas con risco para a saúde pública, que se acreditará co correspondente informe médico.

g) Incapacidade temporal causada por enfermidades dexenerativas ou crónicas, que se acreditará co correspondente informe médico.

h) Incapacidade temporal derivada de alteracións da mobilidade ou doutras funcionalidades do traballador que lle impidan desenvolver o seu traballo ordinario (esguinces, fracturas, luxacións, afonías por infeccións, gripes, etc.).

i) Incapacidade temporal derivada de patoloxías psicolóxicas ou psiquiátricas que precisen tratamento farmacolóxico que, segundo a valoración do facultativo do sistema nacional de saúde, diminúan a capacidade da persoa para desenvolver con normalidade o seu traballo.

j) Incapacidade temporal por continxencias comúns derivadas da rehabilitación de toxicomanías cando a persoa estea incluída en proxectos específicos de rehabilitación (Proxecto Home, Unidade de Tratamento do Alcohólicismo).

k) Incapacidade temporal dos proxenitores, adoptantes ou acolledores, que se poida producir polo coidado de menores afectados de cancro ou outras enfermidades graves previstas no Real Decreto 1148/2011, do 29 de xullo (BOE do 30 de xullo).

l) Incapacidade temporal do traballador por continxencias comúns derivadas de enfermidade graves previstas no anexo I do citado Real Decreto 1148/2011.

Poderá percibirse o complemento ata o 100% das retribucións naquelas situacións excepcionais non incluídas nos apartados anteriores cando así sexa aprobado pola Comisión paritaria Xerencia - Representantes sindicais, que contará co apoio técnico do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e que se constituirá para tal efecto no prazo de un mes.

En todos estes supostos corresponderá ao traballador/a presentar a xustificación de atoparse nunha das situacións antes enumeradas. A xustificación dos supostos de carácter excepcional deberá ser realizada polos facultativos do Sistema Público de Saúde ou no caso dos rexímenes especiais de Seguridade Social do mutualismo administrativo, polo especialista correspondente.



Xerencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

De acordo co disposto no citado artigo 9.5 do Real Decreto-Lei 20/2012, en ningún caso os funcionarios adscritos aos rexímenes especiais de seguridade social xestionados polo mutualismo administrativo poderán percibir unha cantidade inferior en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns á que corresponda aos funcionarios adscritos ao réxime xeral da seguridade social, incluídos, no seu caso, os complementos que lles resulten de aplicación a estes últimos.

4.- Disposicións finais:

Primeira.- As referencias a días incluídas na presente instrución se entenderán realizadas a días naturais.

Segunda.- Queda derogada a Instrución 5/2012, do 10 de outubro.

Terceira.- Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa anotación de saída no Rexistro Xeral da UDC.

A Coruña, 9 de novembro de 2012.

O Xerente,

Juan M. Díaz Villoslada.

SR. SECRETARIO XERAL
SRES./AS VICERREITORES/AS
SRAS. VICEXERENTAS
SRES./AS XEFES/AS DE SERVIZO DE PAS, PDI, INVESTIGACIÓN, PREVENCIÓN DE
RISCOS LABORAIS
SR. COORDINADOR AXEA (SIC)
LISTAS PAS E PDI